BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 30 de maio de 2022
Núm. 102

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Oferta de emprego público

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL 2022

Expediente: 2022/OEP/000001

ANUNCIO

ASUNTO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL AO AMPARO DA LEI 20/2021, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 25/05/2022 acordou aprobar a oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público correspondente ao exercicio 2022, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia con especificación das prazas incluídas e a súa clasificación.

En cumprimento do citado acordo, procédese a publicación da oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público correspondente ao exercicio 2022:

"(...) *Primeiro.-* Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público correspondente ao exercicio 2022, coa especificación das prazas abaixo relacionadas, xunto coa súa denominación e clasificación:

PERSOAL FUNCIONARIO

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

— Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 1. Denominación: Auxiliar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:B4PI2ZI2XRZG9GMM

Luns, 30 de maio de 2022
Núm. 102

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Arquitecto.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Asesor/a lingüístico/a.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 2. Denominación: Psicólogo.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 2. Denominación: Técnico local de emprego.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 4. Denominación: Traballador social.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 2. Denominación: Asistente social.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: Axudante técnico sanitario.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: Monitor educador.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: Aparellador-arquitecto técnico.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:B4PI2ZI2XRZG9GMM

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares. Número de vacantes: 1. Denominación: Animador xuvenil.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares. Número de vacantes: 1. Denominación: Monitor de cursos de informática.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares. Número de vacantes: 1. Denominación: Informador xuvenil.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares. Número de vacantes: 1. Denominación: Monitor tempo libre.

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares. Número de vacantes: 1. Denominación: Auxiliar de clínica.

Segundo.- Desistir deixando sen efecto a inclusión da praza de técnico da subescala técnica superiores da subescala técnica da escala de administración especial, incluída na oferta para estabilización do emprego temporal ao amparo do artigo 2 do Real decreto -lei 14/2021, que aprobou o Concello de Pontevedra mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de decembro de 2021 e incorporar esta praza a esta oferta de emprego público de estabilización que se aproba neste punto primeiro, de tal forma que se inclúe como praza nesta oferta a seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: Técnico.

Terceiro.- Determinar como quenda libre o sistema de acceso a todas as prazas sinaladas anteriormente que forman parte desta oferta de emprego público de estabilización.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:B4PI2ZI2XRZG9GMM

Luns, 30 de maio de 2022
Núm. 102

Cuarto.- Determinar que das prazas que se inclúen nesta oferta de emprego público que están reservadas a quenda libre, 1 de traballador social e 1 de técnico local de emprego reservaranse a persoas con discapacidade xeral.

Quinto.- Establecer o concurso como sistema de selección de todas as prazas que se inclúen nesta oferta de emprego público.

Sexto.- Determinar que a publicación da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nesta oferta de emprego público de estabilización deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022, debendo resolverse estes procesos selectivos antes do 31 de decembro de 2024.

Sétimo.- Dispoñer que este acordo relativo á oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade correspondente ao exercicio 2022, logo de aprobarse pola Xunta de Goberno Local, se publique no Boletín Oficial da Provincia con especificación das prazas incluídas e a súa clasificación. (...)"

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante Concellería de persoal no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:B4PI2ZI2XRZG9GMM